

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO ADQUISICIÓN DE UN VEHÍCULO PARA O SERVIZO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL

Con data 9 de xullo de 2020, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, asinou co concello de Ribeira un convenio de colaboración para o proxecto denominado "Adquisición dun vehículo para o servizo de emerxencias municipal"

O obxectivo básico da actuación é dotar ao Servizo de Emerxencias municipal dun vehículo destinado ao desenvolvemento das tarefas e actuacións de protección do ambiente e do espazo natural que leva a cabo o devandito servizo.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coopera na realización das actuacións mediante a achega máxima de VINTE E CINCO MIL SEISCENTOS EUROS (25.600,00€) con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168)

Esta cantidade representa o 80% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio. O compromiso de gasto contabilizouse o 24 de xullo de 2020 na referencia 202005773 (índice 2) e número de operación 20200520004387.

O Concello de Ribeira interesa unha ampliación dos prazos para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e de vixencia do convenio

Á vista desta solicitude, con data 9 de outubro réunese a Comisión Mixta prevista na cláusula décimo terceira para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Ribeira para a execución do proxecto denominado "Adquisición dun vehículo para o servizo de emerxencias municipal"

Entre as funcións atribuídas á comisión mixta polo convenio atópanse a de propoñer, de ser o caso, addendas.

A Comisión estuda a proposta do Concello, e entende que para tal fin procede a formalización dunha addenda que recolla a:

- A modificación dos prazos establecidos, para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e do prazo de vixencia do convenio, establecidos nas cláusulas sexta e décimo quinta, ata o día 1 de decembro de 2020.

En vista do exposto,

ACORDO

1. Iniciar os trámites en orde á formalización da addenda ao Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Ribeira para o proxecto denominado "Adquisición dun vehículo para o servizo de emerxencias municipal"
2. Solicitar informe á Asesoría Xurídica, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e á Intervención Delegada.

Santiago de Compostela,
O directora xeral de Administración Local
(documento asinado dixitalmente á marxe)
Natalia Prieto Viso

